

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

6-7 de xullo do 2024

XIV ORDINARIO B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Cremos moitas veces que Xesús, predicando e facendo milagres, foi ben admitido por todos e non tivo momentos difíciles. Pois hoxe o evanxeo móstranos que isto non foi así. Aparte dos fariseos, que sempre buscaban calquera motivo para acusalo, porque o que dicía deixábaos en mal lugar, tamén no seu pobo Xesús foi rexeitado, era un veciño máis, e nada máis.

Nas nosas vidas tamén temos a experiencia de que cando queremos facer algo ben, ser coherentes, atopamos moitas veces a incompreensión dos que están ao noso lado e nos coñecen. Apreciamos sempre o que ven de fora e non valoramos a quen convive connosco.

Imos celebrar a nosa fe e queremos darnos conta do importante que é valorar ás persoas que comparten ao noso lado todos os días.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A presenza de Xesús no medio de nós faise realidade cando somos capaces de poñer en valor todo o que hai de bo á nosa beira. Deamos aprezo a cada un por si mesmo e non polo que ten ou por onde vive. Así debe ser, pero non sempre o facemos tan ben, por iso queremos pedir perdón **porque podemos facelo mellor:***

Monitor/a

- Perdón, Señor, polas veces que vivimos cos ollos abertos para aprezoar o de lonxe, e con eles pechados para non ver o de bo que temos á beira. Señor perdoa por non a abrir os ollos
- Perdón, Señor, polas veces que falamos de conciencia ecolóxica, e logo non somos capaces de sentir a grandeza da natureza que nos rodea en Os Cotos. Cristo perdoa por non aprezoar estes montes
- Perdón, Señor, polas veces que non somos coherentes na nosa fe, e non nos sentimos parte da Igrexa feita nesta comunidade parroquial. Señor perdoa por non dar unha man

Celebrante: *Deus agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que se senten marxinados por calquera causa. A todos nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Hoxe rezamos agradecendo todas e cada unha das mans que están tendo á súa beira. Son, nin máis nin menos que as mans do mesmo Xesús.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
pola humilde vida do teu fillo Xesús
fixéchesnos partícipes do teu perdón.

Nós queremos acollelo, queremos sentilo á nosa beira, e con El da nosa man concédenos a túa santa alegría, e lévanos a ter parte da felicidade eterna. Pedímoscho a Ti, Pai, por Xesucristo teu fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

Escoitaremos no Evanxeo a decepción de Xesús pola falta de fe dos seus veciños. Escoitarémolo tamén queixándose daquela xente de Nazaret pola rebeldía para aceptar a Boa Nova.

Sorprendeuse da incredulidade que demostraban.

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA EZEQUIEL

Mentres me estaba a falar, entrou en min un espírito que me puxo de pé, e escoitei o que estaba a falar.

Díxome:

- Fillo de Adam, eu voute mandar onda os fillos de Israel, onda un pobo de rebeldes que se reviraron contra min -eles e mailos seus pais-, que pecaron contra min, ata o mesmo día de hoxe. Estes fillos, ¡que duros son de cara! ¡Que obstinados de corazón! Voute mandar onda eles, e vaslles dicir: "Así fala o Señor, Iavé". Deste xeito, eles -escóitente ou rexéitente, pois son casa rebelde- han saber de certo que hai un profeta no medio deles.

Palabra do Señor

♪ 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 214 Mc 6, 1-6 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, Xesús, foise para a súa vila, acompañado polos seus discípulos.

Cando chegou o sábado, empezou a ensinalos na sinagoga. E moita da xente que o escoitaba dicía abraiada:

- De onde lle veñen a este todas esas cousas?.

Que sabedoría é esa que lle ensinaron, e como pode facer tantos milagres pola súa man? Non é este o carpinteiro, fillo de María e irmán de Santiago, Xosé, Xudas e mais Simón, e as súas irmás non viven aquí connosco?

Estaban realmente escandalizados.


Pero Xesús díxolles:

- Non hai profeta máis desprezado que na súa terra, na súa casa, ou entre os seus parentes.

E non puido realizar alí ningún milagre, fóra dalgunhas curacións, que fixo impondo as mans. Estaba sorprendido por aquela incredulidade. E adicouse a andar polas aldeas dos arredores, ensinando.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Non estamos dispostos a aceptar que A PALABRA DUNHA PERSOA COMA NÓS, SEXA A DE DEUS. Deus preséntasenos demasiado humanamente e esta é para moitos a primeira dificultade para crer.



Non nos acabamos de crer que a DEUS SE LLE DESCUBRE NO COTIÁ: nas tristuras e nas ledicias, na debilidade, nas preguntas máis fondas, na busca sincera, nas dúbidas.

DEUS ATÓPASE: nun amigo, nun parente, nun veciño, e sobre todos nos pobres, enfermos e necesitados.

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Despois de escoitar o Evanxeo, queremos ser coherentes na fe e na vida, e acollendo a Xesús queremos estar á beira da xente dando froitos no camiño de aprezar e non dende as críticas baleiras. Por iso moi orgullosos proclamamos a fe que compartimos: 🎵*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

Credes en Deus Pai e Nai, creador do ceo e máis da terra, que á súa imaxe e semellanza nos convida a acoller aos demais?

🎵 Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido, que coa súa vida nos demostra que o aprezado e o valor das persoas nace de como se é e non por ser fillo de alguén importante?

🎵 Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo

que nos alenta a aprezar aos demais polo que realmente son e non polas aparencias?

🎵 Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade viva,

que ao xeito de Xesús, somos chamados a tratar as persoas sen facer diferenzas de raza, lingua, cultura ou nacionalidade?

🎵 Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Oremos a Xesús, e como parroquia poñamos nas súas mans os nosos mellores desexos para esta comunidade na que vivimos, agradecendo todo o que de bo hai entre nós. Oremos dicindo

DÁMOSCHE GRAZAS SEÑOR

Monitor/a

✓ Porque a pesares das críticas non nos botamos para atrás e cremos que vale a pena facer crible o evanxeo con todos os refuxiados e maltratados. Oremos

✓ Porque non nos importa que nos digan que somos do monte. Ben orgullosos que estamos desta terra e desta natureza. Oremos

✓ Porque non nos importa o que dirán. Cos nosos feitos facemos crible unha parroquia acolledora, aínda que ser cristián non estea de moda. Oremos

✓ Porque non temos medo a estar mal vistos e a que falen mal de nós. Dicimos ben alto que moitos comportamentos non son axeitados neste tempo de VIOLENCIA, aínda que se queiran defender en nome da liberdade. Oremos

Celebrante: Señor Xesús, ti, escoitas as nosas pregarías, e nós enchémonos do alento que te levaba a estar sempre á beira dos veciños, aínda que non todos te aceptaran. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Sentímonos irmáns de todos, tamén dos que, coma Xesús, hoxe son marxidados pola sociedade. Acollendo o EVANXEO e facendo nosas as palabra de Cristo rezamos con El a Deus

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El sexamos tamén nós esperanza e paz nestes momentos de violencia e dificultade, sabendo que a paz faise dende a igualdade, faise con respecto, faise con tolerancia, faise con todas as mans atrevidas para coidar, faise con aprezo aos de lonxe e tamén e sobre todo aos de cerca. Fagámolo.

🎵 n° 36 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a mesa, a conversa e a tenrura coa que facía ben, aínda que por iso fora criticado.

Nós compartimos aquí en comunidade e prezamos todo o que de bo hai á nosa beira, entre os nosos veciños e veciñas.

Sintámonos orgullosos e ditosos por estar invitados a compartir este banquete do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 n° 50 Na tardiña baixa da vida

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti échesnos na vida co evanxeo. Fai que non deixemos nunca de apreciar aos que están á nosa beira, de xeito que os froitos do noso camiñar sexan verdadeiros e coherentes con Xesucristo, noso Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)



“Xesús sorprendeuse pola incredulidade dos seus veciños”

Palabras do evanxeo de hoxe.

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz.*